

Departamento de Filosofía IES Vilanova de Arousa – Curso 2019-20

PSICOLOXÍA 2º BACH. – UNID. 3 - CONTIDOS TEÓRICOS – PARTE I (TEST) (b)

Instrucións: No caso das preguntas tipo test hai tres respostas posibles das que unha soa é a correcta, e que terás que sinalar cunha cruz ou marcar dun xeito claro na letra correspondente (a), b) ou c), e logo razoar brevemente o porqué da túa resposta

(Puntuación: **Preguntas TEST: 0,10 puntos cada unha**; NOTA MÁXIMA TOTAL: 2 PUNTOS

NOME, APELIDOS E CURSO:

Tempo estimado de execución: 45 minutos

Obxectivo da actividade

- Comprobar que se ten entendido e interiorizado a maior parte do contido da unidade 3

1. Un dos compoñentes da saúde mental é:

- a) Viaxar a lugares exóticos.
- b) Non tolerar as tensións e a frustración.
- c) Aceptarse a un mesmo e dominar o entorno.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

2. A relevancia do impulso sexual na organización da personalidade é defendida por:

- a) Eysenck.
- b) Freud.
- c) Rogers.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

3. Os delirios son froito da desorganización do/da:

- a) Pensamento.
- b) Percepción.
- c) Memoria.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

4. As persoas que perderon calquera contacto coa realidade son:

- a) Psicóticos.
- b) Neuróticos.
- c) Depresivos.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

5. O temor ao sangue denomínase:

- a) Agorafobia.
- b) Hematofobia.
- c) Acrofobia.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

6. Cal das seguintes afirmacións é falsa?

- a) O adestramento asertivo non é unha técnica de terapia condutual.
- b) A terapia familiar non considera ao individuo como un ser illado.
- c) As terapias biomédicas e as psicoterapias rara vez se utilizan conxuntamente.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

7. As terapias cognitivas precúpnanse fundamentalmente de:

- a) Ilusións e alucinacións.
- b) Percepcións e motivacións.
- c) Pensamentos, condutas e actitudes.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

8. En que tipo de esquizofrenia predominan síntomas como ideas delirantes e alucinacións auditivas?

- a) Paranoide.
- b) Desorganizada.
- c) Catatónica.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

9. Segundo o DSM-5 as obsesións:

- a) Prodúcese durante a infancia.
- b) Non son recoñecidas polo individuo como produtos da súa propia mente.
- c) Deben ser preocupacións excesivas acerca de problemas reais.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

10. Entre os seguintes trastornos de ansiedade, ten maior gravidade clínica a:

- a) Agorafobia.
- b) Fobia ás serpes.
- c) Fobia social.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

11. Non é unha conduta característica da bulimia nerviosa:

- a) Excesivo sentido de control sobre a alimentación.
- b) Provocarse vómitos.
- c) Facer xaxún.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

12. A cleptomanía é unha desorde do:

- a) Desenvolvemento moral.
- b) Control de impulsos.
- c) Sono.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

13. A hipocondría é un temor a:

- a) Saír pola noite.
- b) As arañas.
- c) As enfermidades.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

14. A técnica terapéutica, moi útil para o tratamento de fobias e obsesións, que ensina ás persoas a aceptar estímulos temidos e manexar situacións de ansiedade é:

- a) Habilidades sociais.
- b) Modelado.
- c) Adestramento asertivo.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

15. Que terapia se ocupa máis dos sucesos ocorridos na infancia?

- a) Terapia psicanalítica.
- b) Terapia cognitivo-condutual.
- c) Terapia humanista.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

16. Que síntomas son os máis característicos da esquizofrenia hebefrénica?

- a) Delirios de grandeza e sospeitas.
- b) Conduta grotesca e infantil e risas tontas.
- c) Apatía e retraemento.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

17. A ansiedade, a nivel fisiolóxico, demóstrase por:

- a) Respostas de escape ou evitación.
- b) Dificultade para superar os problemas.
- c) Incremento da activación do SN autónomo.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

18. Cal é o límite entre o comportamento «normal» e patolóxico?

- a) O «normal» é aceptar as leis e normas sociais.
- b) O «normal» é o que fai a maioría.
- c) Non hai unha fronteira claramente definida.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

19. Entre os factores que predispoñen e precipitan a anorexia están:

- a) Sexo feminino e nivel social medio-alto.
- b) Cambios corporais adolescentes e acontecementos vitais.
- c) As respostas anteriores son verdadeiras.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

20. Desde o punto de vista de Kleinke un dos obxectivos básicos da terapia é:

- a) Ser agresivo porque a sociedade é moi competitiva.
- b) Superar a desmoralización.
- c) Desenvolver a alegría e a felicidade.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?